

Plan de integración das TIC

Curso 2019-20

IESP Pedra da Aguiá

Índice

1	Introdución.....	3
1.1	As TICs na educación.....	3
1.2	Marco normativo.....	3
1.3	Breve contextualización do centro.....	4
1.4	Estudo inicial do centro.....	4
	Profesorado.....	4
	Alumnado.....	5
	Familias.....	5
2	Dotacións actuais.....	6
2.1	Instalacións principais.....	6
2.2	Recursos humanos.....	6
3	Desenvolvemento do Plan.....	6
3.1	Obxectivos.....	6
	Obxectivos xerais.....	6
	Obxectivos concretos a curto prazo.....	8
	Obxectivos concretos a longo prazo.....	9
3.2	Metodoloxía.....	9
	Estratexias de coordinación do profesorado.....	9
	Detección de necesidades formativas do profesorado.....	10
	Tratamento á diversidade.....	10
	Difusión do proxecto para o resto da comunidade educativa.....	10
	Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia.....	11
3.3	Actividades concretas.....	11
3.4	Avaliación.....	14
4	Anexos.....	16
4.1	ANEXO 1: Benvida á aula de Informática.....	16
4.2	ANEXO 2: TIC e Medio Ambiente.....	17

1 Introducción

1.1 As TICs na educación

A importancia das Tecnoloxías da Información e Comunicación ou TIC no ensino é cada vez maior e, neste contexto, a súa aplicación ó traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación do alumnado nos centros educativos.

A gran cantidade de información interconectada a disposición do usuario, coa posibilidade engadida de que poida manipulala e incluso creala, fai precisa a ensinanza de habilidades para a súa selección, aproveitamento axeitado e para abordar con éxito a súa utilización en contornas de aprendizaxe.

Por outra parte, as TIC tamén crean espazos de interacción social con persoas de calquera parte do mundo. Este novo contexto de relación precisa tamén dunha formación para garantir o seu uso e evitar os abusos que se poden derivar.

En canto ó contexto didáctico, as TIC ofrecen novas posibilidades de ensino e aprendizaxe, superando nalgúns casos limitacións temporais e xeográficas entre os membros da comunidade educativa e noutros casos favorecendo o acceso á formación en igualdade de condicións.

Todo o anterior xustifica a necesidade de fomentar as TIC no labor docente, desde as diversas perspectivas apuntadas. Trátase, en definitiva, de axudar a conseguir unha competencia dixital que capacite ó alumnado, e en certa medida tamén ó profesorado e familias, para desenvolverse de maneira responsable e crítica na nova sociedade da información e a comunicación.

1.2 Marco normativo

O presente proxecto enmárcase no **Decreto 133/2007**, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, que prevé a aprobación dun plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación. Como indica o Decreto, este proxecto pasará a formar parte da Programación Xeral Anual e a súa avaliación incluírase na memoria anual do centro.

O Plan TIC é un documento que recolle os obxectivos, actuacións e recursos a través dos que se pretende axudar a desenvolver a competencia dixital e o tratamento da información da comunidade educativa e a fomentar a utilización das TIC. Así mesmo, integra todas as intervencións do centro destinadas a tal fin e a estratexia a seguir.

1.3 Breve contextualización do centro

No centro impártese a etapa completa da Educación Secundaria Obrigatoria, tendo neste curso escolar 2019/20 un total de 168 alumnos e alumnas. En canto ó profesorado, aínda tendo destino definitivo no centro na súa maioría, gran parte deles viaxa ás cidades próximas.

A motivación polo estudo do alumnado é moi mellorable e os resultados académicos sitúanse por debaixo dos agardados en relación co seu contexto socioeconómico e cultural. No centro estase facendo un esforzo por participar en iniciativas docentes innovadoras, co fin de acadar maior motivación e formación no alumnado.

1.4 Estudo inicial do centro

Recóllense a continuación algúns aspectos da situación actual no que respecta á actividade da comunidade educativa no uso das TIC.

Profesorado

- i. En xeral, o profesorado utiliza o ordenador para a elaboración de documentos: programacións, controis, probas ordinarias e extraordinarias, memorias, plans.
- ii. Hai un crecente número de profesores que fai uso das TIC no labor docente diario: leccións apoiadas en presentacións, emprego de webs e simuladores, libro dixital, redes sociais, blogs, etc.
- iii. As comunicacións entre o claustro fanse por correo electrónico: convocatorias, mensaxes, enquisas, información das novidades da biblioteca, etc.
- iv. Empréganse calendario con acceso dende a páxina web para:
 - coordinar e publicar as datas de exames.
 - consultar as actividades do alumnado.
 - Reservar as aulas de informática e a biblioteca
- v. Utilízase o XADE para a xestión de faltas de asistencia e de puntualidade. Non se emprega para rexistrar faltas de conduta.
- vi. Emprégase a aplicación abalarMóbil para enviar notificacións a grupos e comunicar faltas de asistencia ás familias.

- vii. A listaxe de correos electrónicos dos compoñentes do claustro entrégase a todos coa carpeta de información do centro que se reparte ó comezo de curso, para poder ser utilizados libremente por cada un dos mesmos.
- viii. A web de inicio en todos os ordenadores do centro de uso común é a oficial do centro, <http://centros.edu.xunta.gal/iespedradaaguia>, para promover o seu uso como vía de comunicación da actividade no instituto.
- ix. Todo o profesorado ten acceso para publicación de contidos na web do centro e para a creación de cursos na aula virtual.
- x. A Biblioteca do centro ten un blog, <http://pedradaaguia.blogspot.com>, onde se anuncian as actividades que organiza, cólganse fotos e vídeos relacionados con ditas actividades e onde o alumnado participa introducindo comentarios.

Alumnado

- i. A maioría do alumnado ten ordenador ou tableta.
- ii. Cada día son máis os que teñen Internet na casa, pero quedan aínda bastantes sen conexión.
- iii. Desde o centro, a Biblioteca pon a disposición do alumnado ordenadores para o seu uso durante os recreos e para impresión de traballos.
- iv. A deficiente rede de transporte público da zona non facilita que o alumnado poida acudir á biblioteca municipal na que se ofrece conexión Wi-Fi gratuíta.

Familias

- i. O “Grupo de encontro e debate”, reúnese periodicamente para abordar diferentes temas de interese para as familias guiados por unha profesora. Entre eles, adoita tratarse o da seguridade no uso da Internet.
- ii. Debido ó alto nivel de emigración existente na zona, en moitos fogares saben usar a rede como medio de comunicación coa familia no estranxeiro.
- iii. O nivel das familias é, en xeral, cultural e socialmente medio-baixo. Nalgúns casos non poden facer fronte ao pago dunha conexión á Internet. Noutros, non se interioriza como unha necesidade que o seu fillo ou filla teña ordenador/tableta e dita conexión á rede.

2 Dotacións actuais

2.1 Instalacións principais

- Aula de Informática 1: dotada con 28 ordenadores ca maqueta Abalar instalada, 1 proxector e 1 impresora.
- Aula de Informática 2: montouse a comezos do curso pasado con CPU e monitores doados pola fundación Paideia. Conta con 25 ordenadores con Edubuntu e 1 proxector.
- Aulas xerais: dispoñen todas de ordenador e proxector. En 8 delas hai pizarra dixital.

2.2 Recursos humanos

O centro contará cunha dinamizadora do uso das TIC, que atenderá as incidencias o antes posible, para solucionarlas ou chamar á empresa de mantemento contratada polo centro, se é o caso. A Dinamización TIC terá durante este curso 2 horas semanais de adicación.

3 Desenvolvemento do Plan

3.1 Obxectivos

Obxectivos xerais

Na normativa (**Decreto 133/2007** anteriormente citado), figuran os seguintes obxectivos xerais:

1. Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración de toda a comunidade educativa.
2. Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ó traballo coas TIC.
3. Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
4. Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
5. Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu

afán de coñecemento.

6. Fornecer o alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
7. Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
8. Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
9. Potenciar a comunicación cos seus iguais.
10. Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ó aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
11. Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
12. Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
13. Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
14. Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
15. A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das tecnoloxías da información e a comunicación.
16. Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación derivadas das desigualdades sociais.

Estes obxectivos xerais poden concretarse para adaptalos á realidade educativa do noso IES:

Obxectivos concretos a curto prazo

Entendendo por curto prazo o período que comprenderá o presente curso 2019-20, pretenderase acadar os seguintes obxectivos:

1. Normalizar o uso de abalarMóbil para a comunicación coas familias. Comezar coa comunicación de sancións por este medio para substitución do envío postal.
2. Realizar un inventario exhaustivo da totalidade do equipamento TIC.
3. Realizar un mantemento básico de equipos.
4. Concienciar da necesidade de máximo respecto pola conservación dos equipos e o seu uso responsable e solidario.
5. Coordinar a instalación e distribución de novos equipos.
6. Vixiar o normal funcionamento da rede sen fíos.
7. Axudar a actualizar e dotar de máis contidos a páxina web do centro.
8. Procurar a consideración e uso real da web do centro como medio de comunicación coa comunidade educativa, máis aló de empregala como expositor de actividades realizadas.
9. Crear un logo que permita diferenciar rapidamente na web a información procedente da dirección e a relativa a actividades realizadas.
10. Crear un bloque na web onde proporcionar información de funcionamento do centro ó profesorado de nova incorporación, para substituír o material impreso que se vén empregando.
11. Proporcionar información básica para poder publicar na web, na aula virtual e nos calendario de exames e reserva de aulas.
12. Informar á comunidade educativa das actividades formativas relacionadas coas TIC das que se teña coñecemento e que considere que poidan ser do seu interese.
13. Asentar entre o alumnado a concepción do uso das TIC como un medio de formación que supere o concepto exclusivamente lúdico que ás veces se lles dá.
14. Fomentar condutas responsables ambientalmente no uso das TIC.
15. Avanzar no uso do software libre.
16. Potenciar entre o profesorado a creación de actividades en Moodle e a integración na comunidade educativa virtual Agueiro.

Obxectivos concretos a longo prazo

1. Promover a coordinación dos diferentes departamentos para acadar a mellora da competencia dixital do alumnado.
2. Conseguir que cada docente poida elaborar, con maior ou menor complexidade tecnolóxica, os seus propios contidos e os leve á aula con éxito.
3. Mellorar, no posible, a dotación de medios informáticos no centro.
4. Acadar un uso máis intensivo das TIC por toda a comunidade educativa.

3.2 Metodoloxía

A metodoloxía que imos utilizar baséase en dúas ideas fundamentais:

- O proxecto TIC é un proxecto de centro e como tal está dirixido a toda a comunidade educativa.
- O obxectivo último do proxecto é o logro dunha competencia básica: a competencia dixital (anteriormente definida), que é básica porque ten que estar ó alcance de todos, é común a moitos ámbitos da vida e é útil para seguir aprendendo.

Ambos os dous piares poderíamos resumilos en un: un proxecto feito para todos, no que todos temos que colaborar. Sempre que un proxecto vai dirixido á totalidade da comunidade educativa, o grao de coordinación ten que ser máximo. Hai que poñer unhas canles de comunicación axeitadas.

Estratexias de coordinación do profesorado

- Información verbal e/ou por correo electrónico de diferentes documentos, explicando o uso de instalacións como a aula de informática, ou de organización de espazos (follas de incidencias, préstamos, etc.).
- Colocación de táboas horarias e de reserva na páxina web do centro. Cada profesor reservará a hora, indicando o grupo e a área na que traballará. Se algún compañeiro/a necesita a aula con regularidade farao saber á dinamizadora e as súas horas aparecerán reservadas xa na táboa.
- Información e organización, de haber demanda, de actividades formativas para o profesorado ou novidades tecnolóxicas.

Por último, para a formación, a dinamizadora procurará asistir aos cursos organizados polo CFR nesta materia e informará ó claustro da celebración dos mesmos

por se lle interesa a alguén asistir e pode.

Detección de necesidades formativas do profesorado

Case a totalidade do profesorado do centro amosa certa predisposición a mellorar a súa formación no manexo das TIC. Algúns deles reclaman máis recursos que incrementen o uso das TIC nas súas clases.

Aínda así, precísase mellorar o manexo informático básico en moitos casos, polo que se proporán sesións de actualización durante o horario lectivo.

A dispoñibilidade da dinamizadora para axuda directa será a seguinte:

Formación básica	<ul style="list-style-type: none">• Coñecemento básico do funcionamento da aula de informática• Uso do ordenador portátil ou tableta.• Uso do canón proxector e periféricos (impresora e escáner).• O correo electrónico e intercambio de arquivos.• Manexo básico de aplicacións ofimáticas.• Coñecemento básico de Windows/Linux.• Uso do Xade.• Uso de recursos audiovisuais: reprodutores, cámaras...• Uso do encerado dixital.• Nocións básicas de seguridade informática.• Edición e publicación de materiais na web do centro.
Axuda parcial	<ul style="list-style-type: none">• Uso de ferramentas da web 2.0• Creación e mantemento de blogs.• Coñecemento de aplicacións específicas.

Tratamento á diversidade

Durante o presente curso está previsto que no centro estean matriculados alumnos que necesitan atención especial e saen semanalmente da aula. Na aula de apoio hai un ordenador con conexión a Internet, pero descoñecemos se utilizarán webs ou programas específicos para as dificultades destes alumnos. Farase o posible por manter e aumentar o software dispoñible segundo demanda do profesorado especialista.

Difusión do proxecto para o resto da comunidade educativa.

Tentarase que a páxina web do centro sexa unha das principais canles de comunicación entre os diferentes membros da comunidade educativa. Para isto, procurarase que estea

dotada de contido para que sexa:

- Punto de información actualizado sobre o propio centro.
- Lugar de intercambio de comunicacións entre os distintos usuarios.
- Soporte de aloxamento da maior parte das actividades que o profesorado pretenda levar á aula (por exemplo, na aula virtual).

Uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia.

A biblioteca é un punto TIC importante polas seguintes razóns:

- Servizos: Conexión a Internet en recreos.
- Recursos: Catálogo en rede, enciclopedias en CD e DVD e enciclopedias on line.
- Publicacións propias, os blogs da Biblioteca:

<http://pedradaagua.blogspot.com>

<http://clublecturaarao.blogspot.com>

<http://pedrasdovilan.blogspot.com>

3.3 Actividades concretas

Entendendo por curto prazo o período que comprenderá o presente curso 2019/20, pretenderanse acadar os seguintes obxectivos:

OBXECTIVO CONCRETO	ACTIVIDADES
1. Afianzar o uso de abalarMóbil para a comunicación coas familias.	Presentación do sistema ó profesorado e oferta de toda a información que requiran para proporcionarllela ás familias. Presentación ás familias de 1º ESO ó comezo do curso. Incorporación da comunicación de sancións por este medio, substituíndo ó correo ordinario.
2. Realizar un inventario exhaustivo da totalidade do equipamento TIC.	Recompilación de datos de equipos, como enderezos IP, número de serie, data de compra e/ou outras características ou información técnica que proceda. Tanto para os antigos como para os recién instalados no centro. Todo tipo de dispositivos (proxectores, escáneres, impresoras, etc.).

<p>3. Realizar un mantemento básico de equipos.</p>	<p>a) Instalación de programas que o profesorado demande, procurando dar alternativas de software libre, que poidamos baixar desde a rede. Calquera outro software instalado polos propios compañeiros deberá terse posto en coñecemento da dinamizadora TIC.</p> <p>b) Realización periódica de coidados básicos dos equipos. Cando algunha incidencia escape ó alcance da dinamizadora, será trasladada ao servizo de mantemento informático ou á propia UAC.</p>
<p>4. Concienciar da necesidade de máximo respecto pola conservación dos equipos e o seu uso responsable e solidario.</p>	<p>a) Comunicación ó profesorado e ó alumnado das normas de uso dos equipos do centro.</p> <p>b) Mantemento de documentos de control. Utilizándoos correctamente, en cada momento saberemos quen utilizou os equipos, os seus fallos e cando se detectaron. Os alumnos que se comprobe que teñen unha actitude negativa respecto destes obxectivos terán algún tipo de sanción.</p> <p>c) Continuación do servizo de préstamos de pen-drives de cursos anteriores.</p> <p>d) Formación para aprender a gardar os traballos propios de xeito ordenado, respectando toda a información que poidan ter gardada os compañeiros.</p>
<p>5. Coordinar a instalación e distribución de novos equipos.</p>	<p>a) Detección de necesidades de dotación.</p> <p>b) Recomendación de compra de novos equipos en zonas onde se necesiten (ex.: Usos Múltiples)</p>
<p>6. Axudar a actualizar e dotar de máis contidos a páxina web do centro.</p>	<p>Oferta de información e formación ó profesorado e ó persoal de administración para a publicación de contidos na web.</p>
<p>7. Procurar o uso real</p>	<p>a) Establecemento da web do centro como páxina de</p>

<p>da web do centro como medio de comunicación coa comunidade educativa.</p>	<p>inicio en todos os ordenadores accesibles tanto para alumnado como para profesorado.</p> <p>b) Actualización e publicación de máis contidos na páxina web do centro: calendario de exames de setembro, comezo das clases, información de trámites para as familias, convocatorias, documentos de centro actualizados, reserva de aulas de informática, etc.</p> <p>c) Suxestión ás titorías de transmisión ás familias sobre a utilidade da web, na xuntanza de presentación de comezo de curso.</p> <p>d) Información/formación do profesorado para publicación.</p> <p>e) Continuar ca coordinación das datas de exames a través dun calendario compartido en rede entre o profesorado e publicado na web para as familias.</p> <p>f) Continuar ca reserva de espazos a través dos calendarios compartidos en rede.</p> <p>g) Continuar ca publicación dun calendario de actividades que permita mellorar a coordinación para a realización das mesmas.</p>
<p>11. Informar á comunidade educativa das actividades formativas relacionadas coas TIC.</p>	<p>a) Envío da información por correo electrónico.</p>
<p>12. Fomentar condutas ambientalmente respectuosas no uso das TIC.</p>	<p>a) Publicación do documento do anexo titulado “TIC e medio ambiente”.</p> <p>b) Rogos periódicos en diferentes reunións do centro para aforrar e reducir consumos eléctricos e de consumibles.</p> <p>c) Recolección de diferentes consumibles usados (cartuchos de tinta, CDs e DVDs, etc.) para reciclar.</p>

	d) Promover a entrega de traballos a través da aula virtual ou outras ferramentas TIC como correo electrónico, Agueiro, etc., evitando a necesidade de ser impresos.
13. Avanzar no uso do software libre.	a) Instalación de Linux nalgún dos ordenadores da sala de profesores. b) Oferta de alternativas en software libre ós programas que o profesorado demande instalar.
14. Potenciar entre o profesorado o uso / participación na aula virtual e noutras plataformas.	a) PFPP sobre manexo de Agueiro e aula virtual. Tralo desenvolvido o curso pasado, será o segundo adicado a estes temas. b) Mantemento básico da aula virtual (xestión de usuarios, cursos, etc.). c) Información ó profesorado da posibilidade de participación e características de Agueiro e Edixgal.
15. Mellorar a formación TIC do profesorado.	a) Colaborar co desenvolvemento do segundo curso do PFPP, relacionado cas TIC, naqueles aspectos en que se reclame asistencia. A coordinación do PFPP non corre este ano a cargo da dinamización TIC.

3.4 Avaliación

Estableceranse 3 procesos avaliadores fundamentais:

- a) Unha avaliación inicial coa que poder albiscar as necesidades de formación do profesorado e máis de dotación de medios. Inicios de curso.
- b) Outra avaliación sumativa á anterior ó longo do curso coa que poder reaxustar o que se estime oportuno para acadar os obxectivos a longo prazo do presente plan.
- c) Unha avaliación final para finais do curso coa que observar
 - Grao de consecución de obxectivos.
 - Grao de satisfacción da comunidade educativa.
 - Frecuencia de uso dos medios.

- Grao de achegamento á competencia dixital do alumnado.
- Mellora de competencia TIC para docentes.
- Incorporación de contidos TIC nas programacións dos departamentos.

Ademais da observación directa e a recompilación de estatísticas de uso, entre as ferramentas a utilizar poderán figurar as enquisas do alumnado e profesorado.

A Ponte do Porto, 29 de setembro de 2019.

Gema Lois Gómez